

RESOLUCIÓN 1/2024 DE VIXILANCIA – TRANSPORTE DE VIAXEIROS ÁS ILLAS CÍES

En Pleno

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vocal

Dña. María Teresa Cancelo Márquez, vocal

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2024

A Comisión Galega da Competencia (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relatora Dña. María Teresa Cancelo Márquez, dita a presente Resolución no expediente Expediente VR 9/2022 Vixilancia Cíes cuxo obxecto é a vixilancia da Resolución 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes pola que se acordou a Terminación Convencional do expediente S 15/2016 Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes incoado contra as empresas: MAR DE ONS, SL; NAVIERA ILLA DE ONS, SL; NAVIERA RÍAS GALEGAS, SL e CRUCEIROS RÍAS BAIXAS, SL.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 30 de xuño de 2016 recibíuse no, por aquel entón, Consello Galego da Competencia e, na actualidade, Comisión Galega da Competencia, unha consulta remitida pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (en diante CNMC), no marco da denominada «Colaboración non Regrada» que se recollía nun correo electrónico recibido na CNMC o 17 de xuño de 2016, no que se trasladaba o feito de que, presuntamente, as tarifas das operadoras que realizaban o transporte marítimo regular de viaxeiros ás Illas Cíes, integradas no «Parque Natural Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas» eran idénticas. O citado correo electrónico foi remitido á CGC por considerar que podería estarse referindo á posible existencia dun acordo prohibido pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC) cuxos eventuais efectos circunscribíranse ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determinaba que o seu coñecemento e investigación correspondese á CGC, conforme ao disposto na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia.

2.- Con data 4 de novembro de 2020, a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (SUBDIC) acordou incoar un expediente sancionador identificado como «S 15/2016, Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes» contra as empresas: «Mar de Ons, SL»; «Naviera Illa de Ons, SL «Nabia»»; «Naviera Rías Galegas, SL» e «Cruceiros Rías baixas, SL» por unha eventual práctica conscientemente paralela na fixación dos mesmos prezos do billete de adultos en tempada alta desde o porto de Vigo ata as Illas Cíes, situadas dentro do “Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia”, realizada durante os anos 2013 a 2019.

3.- Por resolución do 11 de xullo de 2022, o Pleno da Comisión Galega da Competencia acordou a Terminación Convencional do expediente sancionador S 15/2016 Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, incoado contra as empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL, por presuntas prácticas restritivas da competencia prohibidas polo art. 1 de LDC). Dita Terminación Convencional estaba subordinada ao cumprimento dos compromisos acordados coas empresas (en diante, os Compromisos), os cales cumprían coas esixencias establecidas no artigo 52 da LDC. Na Resolución indicábase que o incumprimento dos mesmos tería a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo con o artigo 62.4.c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa a Competencia.

4.- Na Resolución 2/2022 da CGC do 11 de xullo de 2022, recóllese o seguinte:

“Primeiro. - Declarar e aprobar a Terminación Convencional do Expediente sancionador S 15/2016 Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, por considerar adecuados, suficientes e vinculantes os compromisos presentados e concretados na proposta de terminación convencional que acompaña esta Resolución en anexo , como parte integrante da mesma e que eses compromisos asumidos resolven os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente e que con eles queda garantido suficientemente o interese público.

Segundo. - Mar de Ons, SL (B36194066); Naviera Illa de Ons, SL (B36299667), Naviera das Rías Galegas, SL (B36531747); e Cruceiros Rías Baixas, SL (B36018448) obríganse ao cumprimento, fiel e puntual, dos compromisos presentados e aprobados que conforman o Anexo.

Terceiro. - O seu incumprimento terá a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo con o artigo 62.4.c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa a Competencia.

Cuarto. - Encomendar á Subdirección de Investigación a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, por tanto, dos compromisos propostos e das obrigacións impostas para o eficaz cumprimento daqueles.

Quinto.- Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados facéndolles saber que contra esta non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, o cal por imperativo do artigo 31.2 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia ha de interpoñerse ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”.

5- O apartado cuarto da referida resolución do 11 de xullo de 2022 dispuxo “Encomendar á Subdirección de Investigación a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, por tanto, dos compromisos propostos e das obrigacións impostas para o eficaz cumprimento daqueles.” Por esta razón a Subdirección de Investigación (en diante, SUBDIC) instruíu o expediente de vixilancia do procedemento de terminación convencional VR 9/2022 Vixilancia Cíes.

6.-Que con data 27 de xuño de 2023 a empresa NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. presentou solicitude de ampliación de prazo para o cumprimento dos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto aprobados na terminación convencional. Que con data 28 de xuño de 2023 a empresa CRUCEIROS RÍAS BAIXAS S.L. presentou tamén solicitude de ampliación de prazo para o cumprimento dos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto aprobados na terminación convencional. Ditas solicitudes eran practicamente idénticas no seu contido e argumentación.

7.- Por Resolución 3/2023 de Vixilancia – Transporte de Viaxeiros Illas Cíes NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. de data 6 de xullo de 2023 o Pleno da CGC acordou denegar a ampliación de 4 meses adicionais que sobre o termo fixado inicialmente nos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto solicitara a empresa NAVIERA ILLA DE ONS, S.L.

8.- Por Resolución 4/2023 de Vixilancia – Transporte de Viaxeiros Illas Cíes, CRUCEIROS RÍAS BAIXAS, S.L. de data 6 de xullo de 2023 o Pleno da CGC acordou denegar a ampliación de 4 meses adicionais que sobre o termo fixado inicialmente nos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto solicitara a empresa CRUCEIROS RÍAS BAIXAS, S.L.

9.- En data 11 de xullo de 2023 terminou o prazo para que as empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL acreditasen o debido cumprimento dalgúns compromisos establecidos na Resolución 2/2022. Todas elas presentaron documentación en prazo.

10.- Con data 9 de outubro de 2023 a SUBDIC procedeu a unha comprobación das páxinas web das empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL para que servise para coñecer a implementación das medidas anunciadas nos seus documentos.

En data 16.10.2023, a Subdirección de Investigación realizou capturas de pantalla das páxinas web das devanditas empresas.

11.- A SUBDIC á vista das actuacións practicadas e de conformidade co artigo 42.3 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia, estimou un posible incumprimento do Compromiso Terceiro establecido pola Resolución 2/2022-TRANSPORTE DE VIAXEIROS Ás ILLAS CÍES por parte das empresas “Naviera das Rías Galegas” e “Mar de Ons” en relación co Expediente S 15/2016, Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.

12.- Con data 26 de outubro de 2023 a SUBDIC someteu o seu informe de vixilancia aos interesados (Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL) para que, no prazo de quince días, formularsen as alegacións que tivesen por convenientes presentar.

13.- Con data 3 de novembro de 2023 D. ***** en nome e representación da mercantil Naviera Mar de Ons presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC. Con data 7 de novembro de 2023 D. ***** en nome e representación da mercantil Naviera das Rías Galegas S.L presenta escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC.

14.- De acordo con o previsto no artigo 42.4 do RDC, o 23 de novembro de 2023 a SUBDIC elevou a este Pleno o “Informe final de Vixilancia da Resolución 2/2022 – Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes en relación coa resolución do Pleno da CGC do 11 de xullo de 2022 pola que se acordou a Terminación Convencional do Expediente S 15/2016- Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes.

15.- Son interesados:

- Mar de Ons, SL.
- Naviera Illa de Ons SL
- Naviera Rías Galegas, SL
- Cruceiros Rías Baixas, SL

II.-FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Obxecto desta Resolución

O obxecto desta Resolución é determinar se as empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL deron cumprimento aos compromisos que se impuxeron no acordo de terminación convencional aprobado pola Resolución 2/2022 – Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.

De acordo con o disposto nos artigos 41 da LDC e 42 do RDC, corresponde á Dirección de Investigación (no noso caso á SUBDIC) a vixilancia da execución e o cumprimento das obrigacións e resolucións que o Consello da Comisión Nacional da Competencia (no noso caso o Pleno da CGC) adopte en materia de condutas, de medidas cautelares e de control de concentracións en aplicación da devandita Lei, e cando esta en o exercicio de tales funcións de vixilancia estime un posible incumprimento daquelas obrigacións e resolucións adoptadas polo Consello, os preceptos citados establecen que a SUBDIC poderá elaborar un informe de vixilancia que, unha vez notificado aos interesados para que formulen as alegacións que teñan por convenientes, elevará a este Consello para os efectos de que declare o cumprimento das obrigacións impostas, ou ben declare o seu incumprimento, podendo a resolución que declare o incumprimento impoñer a multa coercitiva correspondente segundo o disposto no art. 21.2 do RDC.

SEGUNDO.- Regulación na LDC

A Lei 15/2007, do 3 de xullo de 2007, de Defensa da Competencia (LDC) no seu art. 52 dispón que:

“1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, a proposta da Dirección de Investigación, poderá resolver a terminación do procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede garantido suficientemente o interese público.

2. Os compromisos serán vinculantes e fornecerán plenos efectos unha vez incorporados á resolución que poña fin ao procedemento.

3. A terminación do procedemento nos termos establecidos neste artigo non poderá acordarse unha vez elevado o informe proposta previsto no artigo 50.4.”

O artigo 41 da LDC dispón, en relación coa vixilancia do cumprimento polos interesados das obrigacións, resolucións e acordos, o seguinte:

“1. A Comisión Nacional da Competencia vixiará a execución e o cumprimento das obrigacións previstas na presente Lei e as súas normas de desenvolvemento, así como das resolucións e

acordos que se adopten en aplicación da mesma, tanto en materia de condutas restritivas como de medidas cautelares e de control de concentracións”.

A vixilancia levará a cabo nos termos que se establezan regulamentariamente e na propia resolución da Comisión Nacional da Competencia ou acordo de Consello de Ministros que poña fin ao procedemento.

A Comisión Nacional da Competencia poderá solicitar a cooperación dos órganos autonómicos de defensa da competencia e dos reguladores sectoriais na vixilancia e cumprimento das obrigacións, resolucións e acordos.

2. En caso de incumprimento de obrigacións, resolucións ou acordos da Comisión Nacional da Competencia, o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolverá, a proposta da Dirección de Investigación, sobre a imposición de multas sancionadoras e coercitivas, sobre a adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento e, no seu caso, sobre a desconcentración.”

TERCEIRO.- Habilitación competencial.

O artigo 36.2 c) do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e apróbanse os seus estatutos reconece que a Subdirección Xeral de Investigación é a unidade competente para vixiar a execución e o cumprimento das resolucións e dos acordos adoptados en aplicación das competencias da Comisión Galega da Competencia.

O Artigo 33 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e apróbanse os seus estatutos, recolle as funcións do Pleno da CGC, en particular, o Pleno é o órgano competente para resolver, por proposta da Subdirección Xeral de Investigación, os procedementos sobre condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, de acordo con as previsións contidas no presente decreto, incluída a aplicación do sistema de clemencia dos artigos 65 e 66 da mesma lei e a súa normativa de desenvolvemento.

CUARTO.- Compromisos acordados.

Na Resolución 2/2022 – Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes do 11 de xullo de 2022 impóñense co seu Anexo como obrigacións os seguintes compromisos:

“PRIMEIRO. - Compromiso individual de cada empresa de desenvolver unha política de fixación de prezos/tarifas autónoma e independente.

Para o cumprimento efectivo deste compromiso, cada empresa aprobará anualmente unha declaración responsable asinada polos representantes de cada empresa e os seus responsables comerciais, que recolla o cumprimento do compromiso de manter unha política de prezos/ tarifas autónoma e independente, que remitirá á SUBDIC de forma individual, no prazo máximo de tres meses posterior ao acordo adoptado, no seu caso, polo Pleno, e posteriormente durante os tres anos seguintes, adoptando e remitindo á SUBDIC un novo acordo idéntico ao primeiro, dentro dos tres primeiros meses de cada ano.

SEGUNDO. - Compromiso individual de cada empresa de revisar as súas actuais tarifas tras unha análise dos seus custos, expectativas e política comercial independente.

Para ese efecto, e durante os tres meses seguintes ao acordo do Pleno, no seu caso, cada empresa deberá levar a cabo unha campaña de difusión pública individualizada de descontos e promocións como punto de partida da súa política de tarifas. Para garantir o cumprimento deste compromiso, cada empresa remitirá de forma individual á SUBDIC, un informe de custos, evolución de tarifas en función da devandita avaliación de custos e expectativas e a política comercial desenvolvida, especificando as campañas de difusión pública que deben realizar, ao obxecto de trasladar aos seus clientes a súa política comercial, así como o seu respectivo plan de descontos e promocións xunto co resultado obtido (variación no número de pasaxeiros, aforro para o usuario, fidelización etc.)/ etc.), con prazo máximo o 31 de decembro de 2022, garantindo en todo caso 6 meses desde a resolución, do correspondente acordo adoptado, no seu caso, polo Pleno.

TERCEIRO. - Compromiso individual de cada empresa de mellorar os seus servizos e atención ao cliente; en especial, respecto das persoas con algún tipo de discapacidade.

En concreto e en relación con aquelas persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, dita atención materializarase nunha política de descontos específica, adicional a calquera outra que puidese ser de aplicación, da que se



beneficiarán tanto a persoa con discapacidade como, no seu caso, o seu acompañante, así como na incorporación de calquera medida razoable que poida mellorar as súas condicións de accesibilidade, seguridade e benestar. Este compromiso acreditarase remitindo á SUBDIC, no prazo de seis meses posterior ao acordo adoptado, no seu caso, polo Pleno, dun informe no que se detallen estes descontos e a súa porcentaxe respecto ao prezo ordinario, así como, no seu caso, as melloras específicas que poidan implantarse para mellorar as súas condicións de accesibilidade, seguridade e benestar.

CUARTO. - Compromiso individual de cada empresa de implantar un programa de cumprimento normativo que inclúa, en todo caso, o tratamento específico dos riscos antitrust.

Este compromiso materializarase na remisión á SUBDIC, por parte de cada empresa, no prazo de seis (6) meses desde a adopción, no seu caso, do correspondente acordo do Pleno, dun cronograma de actuación e a indicación da empresa seleccionada para realizalo e/o a identificación da persoa responsable dentro da propia empresa a quen se encargou a súa elaboración ou seguimento. O programa de cumprimento normativo antitrust deberá presentarse e estar implantado con carácter definitivo e efectivo dentro dos seis (6) meses seguintes á remisión do cronograma e a demais información solicitada previamente. Para a elaboración do devandito Programa de Cumprimento terase especialmente en conta a “Guía sobre os programas de cumprimento en relación coas normas de Defensa da Competencia”, aprobada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC). Con independencia da elaboración do programa de cumprimento, a empresa dará formación específica en materia de cumprimento normativo, destacando o ámbito da competencia, ao persoal directivo e comercial da empresa no prazo de seis meses desde a adopción do correspondente acordo do Pleno. Esta formación inicial deberá cumprir cos requisitos que establece a CNMC na guía citada. Deberá acreditarse a impartición da correspondente formación mediante certificación emitida pola entidade que a realiza, que se remitirá á SUBDIC no prazo de dous meses desde a terminación da formación mencionada.

QUINTO. - Compromiso individual de cada empresa de implementar medidas de xestión dirixidas a unha mellor promoción e comercialización dos seus servizos que permitan axilizar o proceso de fixación de tarifas e a súa comunicación pública.

O cumprimento deste compromiso acreditarase mediante a remisión á SUBDIC dun informe anual, durante os tres anos posteriores á adopción polo Pleno, no seu caso, do correspondente acordo, sobre as medidas adoptadas cada ano. A SUBDIC garantirá o secreto comercial en cumprimento da lexislación vixente. O primeiro informe remitirase á SUBDIC no prazo de 12 meses posterior ao acordo adoptado, no seu caso, polo Pleno.

SEXTO. - Compromiso individual de cada empresa de implantar unha canle de denuncias nos termos establecidos pola Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión Europea.

A empresa poñerá en coñecemento de todos os seus empregados a canle de denuncias e impartirá formación básica sobre o mesmo e sobre os seus protocolos asociados. Deberá acreditarse a impartición da correspondente formación mediante certificación emitida pola propia empresa naviera ou pola entidade que a realiza, que se remitirá á SUBDIC no prazo de dous meses desde a terminación da formación mencionada. Este compromiso deberá facerse efectivo no prazo de 6 meses posterior ao acordo que, no seu caso, adopte o Pleno. O cumprimento deste compromiso acreditarase mediante certificación do responsable da empresa no que faga constar as súas características e efectiva implantación, que deberá ser remitido á SUBDIC dentro do prazo previsto para a implantación efectiva do Programa de Cumprimento. Compromiso individual de cada empresa de remitir á SUBDIC copia de cada unha das comunicacións que preceptivamente debe facer chegar á Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Xunta de Galicia, para manter permanentemente actualizados os datos correspondentes ás tarifas aplicadas por cada empresa, que se deben recoller no Rexistro de Empresas Operadoras de Transporte Marítimo de Galicia. Esta información deberá ser remitida á SUBDIC durante os tres anos posteriores á adopción polo Pleno, no seu caso, do correspondente acordo adoptado polo Pleno, coa documentación acreditativa de realizarse a comunicación preceptiva ao devandito rexistro.”

QUINTO.- Informe de vixilancia da SUBDIC

Conforme aos artigos 52 LDC e 39.5 RDC, e no ámbito da Comisión Galega da Competencia (CGC), a Subdirección Xeral de Investigación (SUBDIC) asume a posición e competencias da Dirección de Investigación da CNMC no procedemento administrativo sancionador e, consecuentemente, na terminación convencional

O artigo 42 do RDC que desenvolve as facultades de vixilancia previstas na Lei 15/2007, di no seu apartado cuarto que a DEI (no caso da CGC, a SUBDIC) remitirá o informe de vixilancia ao Consello da CNMC (neste caso, ao Pleno da CGC) a efectos de que este, “declare o cumprimento das obrigacións impostas ou ben declare o seu incumprimento”. Os compromisos acordados coas empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL, que se recollen na Resolución do Pleno da Comisión Galega da Competencia do 11 de xullo de 2022 de Terminación Convencional do expediente sancionador S 15/2016, Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, son os xa citados

De conformidade coa Resolución 2/2022-Transporte de viaxeiros ás illas cíes aprobada o 11 de xullo de 2022 polo Pleno da CGC, a Subdirección de Investigación da CGC instruíu o expediente de vixilancia do procedemento de terminación convencional VR 9/2022 Vixilancia Cíes.

Con data 23 de novembro de 2023 a SUBDIC elevou a este Pleno o informe final de Vixilancia do expediente de vixilancia VR 9/2022 Vixilancia Cíes. No Informe da SUBDIC sinala que o prazo para que as empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL acreditasen o debido cumprimento dalgúns compromisos recolleitos na Resolución 2/2022 acabou o 11 de xullo de 2023 e que todas elas presentaron a documentación en prazo, a cal foi revisada pola SUBDIC.

SEXTO.- Valoración da SUBDIC sobre o cumprimento dos compromisos polas empresas.

En relación ao **Compromiso sexto** (Compromiso individual de cada empresa de implantar unha canle de denuncias nos termos establecidos pola Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión Europea) e ao **Compromiso terceiro** (Compromiso individual de cada empresa de mellorar os seus servizos e atención ao cliente; en especial, respecto das persoas con algún tipo de discapacidade, compromiso que inclúe, de forma resumida, unha política de descontos específica para persoas con discapacidade), a SUBDIC

procedeu o 9 de outubro de 2023 a unha comprobación das páxinas web das empresas para coñecer a implementación das medidas incluídas neses compromisos e anunciadas nos documentos que habían presentados.

Unha vez realizada dita comprobación a SUBDIC sinala que queda acreditado o cumprimento do **Compromiso sexto**, dado que as catro navieras expoñen nas súas páxinas web canles éticas para a formulación de denuncias.

Con todo, con relación ao **Compromiso terceiro**, sinala a SUBDIC que só dúas empresas, “Cruceiros Rías Baixas” e “Illa de Ons” (NABIA), inclúen políticas de descontos para discapacitados, mentres que na web das empresas NAVIERA DAS RÍAS GALEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L non se recolle unha política de descontos para discapacitados e acompañantes, achegando a SUBDIC para acreditálo capturas de pantalla no seu Informe de Vixilancia.

A SUBDIC á vista das actuacións practicadas e de conformidade co artigo 42.3 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia, estima **un posible incumprimento por parte das empresas “Naviera das Rías Galegas” e “Mar de Ons do Compromiso Terceiro** imposto na Terminación Convencional aprobada pola Resolución 2/2022-TRANSPORTE DE VIAXEIROS ÁS ILLAS CIES pola que se puxo fin ao Expediente S 15/2016, Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes con relación ao non establecemento dunha política de descontos específica, adicional a calquera outra que sexa de aplicación, para as persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e ao seu acompañante.

Por iso, a SUBDIC conclúe que as empresas NAVIERA DAS RÍAS GALEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L incumpriron o compromiso de adoptar unha política de descontos para discapacitados e acompañantes, polo que propón a apertura dun procedemento sancionador por este motivo e por infracción moi grave, ao amparo do artigo 62.4.c) LDC.

SÉTIMO.- Alegacións dos interesados ao Informe de Vixilancia da SUBDIC

O Informe de Vixilancia da SUBDIC foi remitido aos interesados para que, no prazo de quince días, formulasen as alegacións que tivesen por convenientes.

A empresa NAVIERA MAR DE ONS, S.L. con data 3 de novembro de 2023 alegou o seguinte:

a) Que o 10 de xaneiro de 2023 presentara un informe (número de entrada 2023/97583) sobre o compromiso individual de mellorar os seus servizos e atención ao cliente en especial, respecto das persoas con algún tipo de discapacidade. Que nese informe NAVIERA MAR DE ONS establecía o compromiso sobre a política específica de desconto con relación a persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e que era o seguinte: *“NAVIERA MAR DE ONS, S.L., dispón dunha política de descontos específica e adicional a calquera outra que sexa de aplicación, para persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, da que tamén poden beneficiarse, no seu caso, o seu acompañante. A política específica de descontos para persoas con discapacidade leva a cabo a través dunha política de descontos a Grupos de colectivos especiais. Este tipo de descontos aplícase a aqueles pasaxeiros que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que viaxen dentro dun colectivo específico baixo a modalidade “Grupos”.*

b) Alega que NAVIERA MAR DE ONS está en pleno procedemento de remodelación e actualización da páxina web no que, entre outras cousas, engadiuse na pestana “Outros servizos”, o seguinte texto referente aos descontos a persoas con discapacidade, co obxectivo de facilitar o acceso aos mesmos:

“Para colectivos ofrecemos descontos específicos en relación con persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. Permitirase un acompañante gratuíto por cada persoa que presente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % solicitando información a través de comercial@mardeons.com”.

Non achega captura de pantalla nin medio algún para acreditarlo.

c) Que aínda que no momento en que se realizou o informe por parte da SUBDIC non se atopasen reflectidos na páxina web da compañía eses descontos, sinala que desde NAVIERA MAR DE ONS si que se había ido aplicando os mesmos a persoas con discapacidade e os seus acompañantes a través da dirección de correo electrónico comercial@mardeons.com e afirma que iso se acredita do tarifario interno da compañía para o ano 2023, achegado unha captura de pantalla onde aparece os termos “C.

EDUCATIVO e C. ESPECIAL”, afirmando que eses termos “Colectivo especial” aplicáronse a persoas con discapacidade e os seus acompañantes.

Non achega outra documentación ou proba algunha que sirva para acreditarlo.

d) Sobre o procedemento como NAVIERA MAR DE ONS, S.L aplicou ese desconto, esta empresa alega que tanto antes da remodelación da páxina web como na actualidade realízaos a través da dirección de correo electrónico comercial@mardeons.com, que indica que é o correo a través do cal se xestionan os “descontos a grupos e colectivos especiais”. Así afirma que nestes casos, calquera “grupo de persoas” con discapacidade igual ou superior ao 33% poden solicitar o desconto de ata o 50% a través desta dirección de correo electrónico e no que, unha vez acreditada a discapacidade, desde NAVIERA MAR DE ONS, concédeselles devandito desconto a cada persoa que acredite a súa discapacidade e permitiráselles un acompañante de maneira totalmente gratuíta.

Non achega documentación ou proba algunha que sirva para acreditarlo.

e) Que NAVIERA MAR DE ONS está a levar a cabo melloras tanto no desenvolvemento da páxina web, como das aplicacións de venda e reservas que poidan utilizar os clientes da naviera e que pretende eliminar ou minimizar calquera tipo de barreiras e limitacións de acceso aos contidos, mellorando o deseño e modernización dos servizos prestados ao usuario.

A empresa NAVIERA DAS RIAS GALEGAS, S.L con data 7 de novembro de 2023 alegou o seguinte:

a) Recoñece que no momento en que se realizou o Informe de Vixilancia por parte da SUBDIC non se atopaban reflectidos na páxina web da compañía os descontos que asumiran no compromiso terceiro da Terminación Convencional.

b) Sinala que actualmente, tras a remodelación realizada na súa páxina web, incluíu na súa apartado web ROTEIROS/ILLAS CÍES o seguinte texto: “Descontos específicos en relación a persoas que presenten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e o seu acompañante, solicitando información a través do correo electrónico riasgallegas@rgnaviera.com”

c) Alega que desde NAVIERA DAS RIAS GALEGAS, si que se foi aplicando descontos a persoas con discapacidade e os seus acompañantes a través de calquera dos medios que se ofrecen na web:

- Telefonicamente: 986 302 415 / 608 621 282

- E-mail: riasgallegas@rnaviera.com

- Apartado web: contacta connosco,

Non achega documentación nin proba algunha que o acredite.

d) Sinala que en canto ao procedemento de como aplicar o desconto pódese pedir por calquera dos tres medios de contacto arriba referenciados. De maneira que, nestes casos, calquera persoa con discapacidade igual ou superior ao 33% poden solicitar o desconto de ata o 7%, de maneira individual para el e o seu acompañante.

Non achega documentación nin proba algunha que o acredite.

OITAVO.- Análise por parte da SUBDIC das alegacións que os interesados formularon ao Informe de Vixilancia.

Analizadas as alegacións, a SUBDIC realiza as seguintes consideracións:

I. Os escritos remitidos por ambas as empresas recoñecen que as súas páxinas web non recollían apartados específicos para persoas con discapacidade e os seus acompañantes na data da comprobación feita pola SUBDIC.

II. Os escritos sinalan fórmulas alternativas para que os interesados puidesen acceder aos descontos sinalados. Con todo, tales fórmulas – de ter existido- ao non figurar nas casas de compra de billetes ordinarias e accesibles a calquera cliente constitúen unha dificultade indebida para os discapacitados que os discrimina inxustificadamente no que concierne aos usuarios ordinarios do transporte.

III. As empresas navieras tiveron tempo dabondo para implementar o compromiso terceiro. Curiosamente, transcorreron os períodos anuais de demanda alta sen habilitar os medios para facelo.

Conclúe sinalando que as empresas NAVIERA DAS RIAS GALEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L incumpriron o compromiso de adoptar unha política de descontos para discapacitados e acompañantes, polo que propón a apertura dun procedemento sancionador por este motivo e por infracción moi grave, ao amparo do artigo 62.4.c) LDC.

NOVENO.- Análise do cumprimento dos compromisos polas empresas realizado polo Pleno da CGC

As obrigacións impostas ás empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL. incluídas na Terminación Convencional aprobada na Resolución 2/2022 Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes eran seis como aparece no Fundamento Xurídico Cuarto.

Deses seis compromisos o Informe de Vixilancia elevado a este Pleno pola SUBDIC con data 23 de novembro de 2023 valora:

- a) o grao de cumprimento do compromiso sexto relativo a implantar unha canle de denuncias e o compromiso terceiro por parte das empresas Mar de Ons, SL; Naviera Illa de Ons, SL; Naviera Rías Galegas, SL e Cruceiros Rías Baixas, SL.
- b) o grao de cumprimento dos compromisos 4º e 5º por parte das empresas Cruceiros Rías Baixas e Naviera Illa de Ons, SL.

Este Pleno considera que debe de presentarse pola SUBDIC un Informe de Valoración no que se faga análise sobre o cumprimento do resto dos compromisos asumidos por parte das catro navieras na Terminación convencional aprobada na Resolución 2/2022.

a) Cumprimento do compromiso terceiro:

En relación co cumprimento do terceiro compromiso¹ o Informe de Vixilancia considera que as empresas Naviera da Rias Galegas SL e Naviera Mar de Ons, S.L incumpriron o mesmo ao non

